



Decreto

Descrición decreto: aprobación da listaxe definitiva de admitidos-excluídos, nomeamento tribunal e data probas: 2 operarios de servizos múltiples, subvención para o Fomento do Emprego (APROL RURAL), Exp. TR351G 2023/52-1
Exp.: 896/2023.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUISO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confiren o art. 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dita a seguinte resolución:

Visto que mediante Decreto da Alcaldía nº 457 do 02/05/2023, se aprobou a convocatoria e as bases de selección 2 operarios de servizos múltiples, subvención para o Fomento do Emprego (APROL RURAL), Exp. TR351G 2023/52-1, establecendo un prazo de (5) cinco días naturais a contar desde o día seguinte ao do chamamento telefónico ou comunicación vía correo electrónico por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego, e que xa transcorreu o prazo para a presentación de solicitudes.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que han de rexer a convocatoria, procede aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

Realizada a selección de 2 operarios de servizos múltiples, subvención para o Fomento do Emprego (APROL RURAL), Exp. TR351G 2023/52-1, e a vista de non existir aspirantes que integren a bolsa de emprego (apartado 8 das bases do proceso selectivo), procedeuse a solicitar ao Servizo Público de Emprego de Galicia, de novas persoas candidatas, co obxecto da formación da bolsa de emprego.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo 2 operarios de servizos múltiples, subvención para o Fomento do Emprego (APROL RURAL), Exp. TR351G 2023/52-1, que é a seguinte:

a) Admitidos:

APELIDOS E NOME	EXENTO PROBA GALEGO
CALO PUSO JOSÉ ANTONIO	SI
QUEIRUGA LADO ÁNGEL MANUEL	SI
RIVEIRO OLVEIRA JOSÉ MANUEL	SI
TRIÑANES ROMERO ANTÍA	SI
VENTOSO MANEIRO MANUEL	NON
YAÑEZ PIÑEIRO MARÍA	NON

b) Excluídos e causa da exclusión:

Ningún

Segundo.- Por non existir aspirantes excluídos/as, esta listaxe aprobase de forma definitiva.

Terceiro.- Designar aos membros do tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:





- Presidente: José Manuel Segade Santos, funcionario do concello de Porto do Son
- Suplente: Avelino Baltasar Maneiro Maneiro, persoal laboral fixo do concello de Porto do Son

- Vogal 1: José Antonio Maneiro Maneiro, funcionario do concello de Porto do Son
- Suplente: Jesús Rodríguez Romero, persoal laboral fixo do concello de Porto do Son

- Vogal 2: Antonio José Ageitos Rodríguez, persoal laboral fixo do concello de Porto do Son
- Suplente: Manuela Gómez Rodríguez, funcionaria do concello de Porto do Son

- Vogal 3: Mario Rodríguez Vila, persoal laboral fixo do concello de Porto do Son
- Suplente: Ramona Bermeo Núñez, funcionaria do concello de Porto do Son

- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco, funcionario do concello do Porto do Son
- Suplente: Julio F. Seijas Arufe, funcionario do concello de Porto do Son

Cuarto.- Convocar aos aspirantes admitidos **para a realización da fase de oposición** das prazas convocadas, **para o día 29 de maio de 2023, as 10:00 horas na nave propiedade do Concello de Porto do Son, sita no lugar de Agrelo.** Os aspirantes deberán acudir con documento que acredite a súa personalidade.

Localización:

<https://www.google.es/maps/dir//Porto+do+Son,+15978,+A+Coru%C3%B1a/@42.7323161,-8.9808657,821m/data=!3m1!1e3!4m8!4m7!1m0!1m5!1m1!1s0xd2f25c5a0ac44f3:0xc3ba15abb971f85c:2m2!1d-8.9814586!2d42.7325268>

Fase de oposición: consistente na Realización dunha proba teórico-práctica, nun tempo máximo de 15 minutos, que consistira en avaliar as seguintes capacidades directamente relacionadas co obxecto do posto (a puntuación máxima será de 10 puntos, outorgándose un máximo de 2 puntos en cada apartado):

- manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo.
- as aptitudes profesionais.
- utilización das medidas de protección.
- o tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

Responder a 2 preguntas teóricas sobre o seguinte temario:

- Partes da maquinaria coas que desenvolverá o traballo: desbrozadora, motoserra e xerador, así como as medidas para o seu coidado.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Seguidamente de ser preciso, realizarase a proba de coñecemento da lingua galega, aos candidatos que non acreditaron estar en posesión do certificado Celga 1 ou documento equivalente.

Quinto.- Dispor a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos do procedemento selectivo de que se trata no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, no apartado de emprego.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para que os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

